



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN
CULTURAL PEN CLUBE DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DA XII EDICIÓN DOS PREMIOS
ROSALÍA DE CASTRO 2018**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Cultural Pen Clube de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización da XII edición dos Premios Rosalía de Castro 2018, destinados a galardoar a traxectoria literaria de catro autores ou autoras relevantes en lingua portuguesa, castelá, catalana e basca. A finalidade destes premios é distinguir desde a literatura galega, aos outros sistemas literarios da Península Ibérica (para as linguas castelá e portuguesa, extensivos a Iberoamérica e África). De carácter bianual, estes premios levan o nome de Rosalía de Castro, a escritora galega máis emblemática.

Os premios non teñen dotación económica e as persoas galardoadas recibirán, cada unha, unha peza escultórica orixinal de Acisclo Manzano incluíndo unha publicación coas intervencións dos premiados e premiadas e a correspondente *laudatio*.





Os premios serán entregados o vindeiro mes de outubro de 2018 no marco dun acto literario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, por canto a Asociación Cultural Pen Clube de Galicia é a que instituíu os Premios Rosalía de Castro para galardoar a traxectoria literaria de autores e autoras relevantes nas linguas portuguesa, castelá, catalá e basca, polo que a Asociación Cultural Pen Clube de Galicia é a que posúe a especificidade e exclusividade da actividade a realizar baseada en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

